

A SAUDE DOS NOSOS BOSQUES

Un estudo de Adegas nas terras de A Estrada indica que perto da metade das árbores están gravemente danadas pola contaminación atmosférica procedente de Meirama e As Pontes.

En 1983 realiza-se en Holanda o primeiro estudo levado a cabo en Europa sobre a saúde das árbores. O Netherlands Natural Forest Service é o encargado de estudar coníferas e frondosas e cuantificar a decoloración e defoliación para a posterior elaboración dun Test de vitalidade. Na década dos 80, outros Servizos Forestais de diversos países europeos e americanos realizan investigacións similares.


Seguindo as metodoloxías estandarizadas (método das Comunidades Europeas, CE, e método dos Servizos Forestais, SF) Adegas realizou durante o curso 92-93 un estudo do bosque para o Concello de A Estrada. Coordinado por Ramón Varela, tiña por obxectivos coñecer o estado fitosanitario do bosque nas terras do concello.

A Estrada, un dos concellos máis extensos de Galiza, caracteriza-se por unha fisonomía eminentemente rural e a ausencia de focos de contaminación atmosférica locais (tráfico rodado e industria). Os elevados índices de danos na vexetación só poden ser achacados a unha contaminación atmosférica procedente de fora do concello.

As especies máis danadas eran as utilizadas como especies de repovoación: Pinus pinaster e Eucalyptus globulus, afectadas principalmente na súa vitalidade, con diminución do crecemento e produtividade, defoliación precoz, clorose, necrose, etc.

A queda de vitalidade afectava tamén ás especies autóctonas (Quercus, Betula, Castanea, Coryllus, Alnus), con queimaduras na superficie foliar, clorose e necrose. Pero nestas especies dava-se ademais unha situación preocupante debido ás plagas e aos parásitos patóxenos, podendo observar-se unha invasión de insectos e fungos.

Posiblemente, tanto a falta de vitalidade e as queimaduras como a intensidade das plagas está relacionada coa contaminación atmosférica, e máis concretamente coa deposición ácida devida s emisións das grandes Centrais Térmicas. A análise de bioindicadores como os líques Usnea e Parmelia confirmou a súa desaparición dos troncos das árbores na dirección NO-N-NE, permanecendo nas outras direccións. Na dirección N-NE encontramos as dúas centrais térmicas de Meirama e As Pontes.



O estudo supuxo a análise de 804 árbores pertencentes a 10 especies, encontrando que tan só 27 destas árbores estaban totalmente sans, sendo o carballo, Quercus robur, a especie que presentava máis exemplares sans. As dúas metodoloxías utilizadas coincidiron en indicar que perto da metade das árbores (46,5% polo método SF, e 46,1% polo método CE) encontrávanse gravemente danadas.

puríns e pozos negros estaban a afectar seriamente ás augas subterráneas, mentres que as superficiais presentaban menos problemas.

Os resultados dos estudos, recollidos en sendos informes para o Concello de A Estrada, están a disposición de quen os queira consultar no local de Adegas en Santiago (Rúa de Touro 21-2º, 15704-Santiago). ■

POR UNHA MORATORIA PARA A INCINERACIÓN

por **Manolo Soto**

Comisión de Residuos da AGENG

Na reunión do 11 de decembro de 1993 da Comisión de Residuos da AGENG, debatiu-se a situación das campañas a favor da redución, reutilización e reciclaxe dos residuos, así como as actuacións a realizar inmediatamente ou a medio prazo.

Entre as accións inmediatas, propuxo-se a elaboración dun documento no que se solicite unha prórroga nos plans de incineración en Galiza. Nos debates ficava ben claro que estamos en contra da incineración, pero valorou-se que, incluso para os ambiguos e dudosos, unha análise minimamente séria da situación da tecnoloxía, dos problemas ambientais e do que está a pasar noutros países debe levá-los a solicitar tal moratoria. Tráta-se por elo de recoller os máximos apoios nun momento en que se está a proceder a resolución do concurso para axudicación do plan da Xunta.

A medio prazo, a Comisión de Residuos da AGENG, a través das Plataformas pola Redución, Reutilización e Reciclaxe, e en contra da incineración, propón-se a edición dun cartel en contra das incineradoras, que pronto estará na rua. Asimesmo, o día 20 de febreiro, realizarán-se diversos actos lúdico-reivindicativos nas distintas localidades, de promoción das alternativas ecolóxicas (RRR...) e de denuncia das incineradoras. Estudou-se asimesmo a realización dunhas xornadas sobre reciclaxe, a realizar antes da Semana Santa. ■